

PROXECTO DE LEI INCREMENTO SALARIAL DO 1,5% DERIVADO DO ACORDO ESTATAL ASINADO POR UGT

Santiago de Compostela 28/10/2022

Recibiuse hoxe a convocatoria para o vindeiro día 2 as convocatorias de Mesa Xeral Extraordinaria e Comisión de Persoal Extraordinaria, entre as que consta nos puntos da orde do día a:

[Lei pola que se aproba unha retribución de carácter extraordinario para os empregados do sector público autonómico de Galicia, en aplicación do previsto no Real Decreto lei 18/2022, de 18 de outubro .](#)

O **Acordo asinado por UGT co Goberno do Estado**, fixo que a Administración Xeral do Estado aproba unha **subida adicional do 1,5%** das retribucións do **persoal ao servizo do sector público** co gallo de compensar os efectos da inflación, por medio do Real Decreto-lei 18/2022 de 18 de outubro, que no seu artigo 23 aproba, con **efectos do 1 de xaneiro do 2022**, ese incremento adicional do 1,5 por cento respecto ás retribucións vixentes a 31 de decembro de 2021.

O dito Acordo como **normativa de carácter básica**, é trasladado á nosa Comunidade Autónoma, facendo que o incremento salarial do persoal empregado do **sector público autonómico** será dun máximo do **3,5 por cento con carácter consolidable**, con efectos dende o 1 de xaneiro de 2022. Este incremento adicional do 1,5% ao xa previsto do 2% nos orzamentos do ano 2022 **materializarase no mes de decembro deste ano**, aboándose como atrasos o incremento correspondente aos meses de xaneiro a novembro.

UGT segue defendendo recuperar poder adquisitivo coa restitución da retribución complementaria por carreira profesional co fin de paliar a perda dos salarios das empregadas e empregados públicos da Xunta de Galicia. Así o demostramos, votando a favor, hoxe na Comisión de Persoal.

